



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

30 MAY. 2024 11:54:56

Entrada **27545**

Sb a finalización do Programa de Axudas Margarita Salas e María Zambrano sen garantir estabilidade

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á finalización do Programa de Axudas Margarita Salas e María Zambrano sen garantir unha estabilidade e unha consolidación de emprego aos investigadores e investigadoras.**

No ano 2021, o Ministerio de Universidades anunciaba a creación dun programa de axudas co obxectivo de fomentar a recualificación do sistema universitario, a mobilidade internacional, a atracción de talento no sistema universitario e promover o desenvolvemento profesional do persoal docente e investigador, así como de novos doutores. Con este fin foi aprobado o Real Decreto 289/2021 do 20 de abril, “polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español”. Posteriormente publicouse a Orde UNI/551/2021 do 26 de maio pola que se conceden as subvencións previstas no citado Real Decreto.

Entre os diferentes tipos de axudas, o Ministerio destinou as axudas Margarita Salas a novos doutores e doutoras para estancias de 2 a 3 anos nunha universidade ou centro de investigación distinto a aquel no que fixo a súa formación predoutoral e doutoramento. Con importes mensuais de 3.500 euros brutos para os que soliciten realizar a estancia no estranxeiro e 2.800 euros brutos para os que o fan no Estado.

Tamén estableceu as Axudas María Zambrano para a Atracción de Talento que se dirixen ao persoal investigador do Estado ou estranxeiro, cunha traxectoria posdoutoral acumulada non inferior a 24 meses en universidades

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

30 MAY. 2024 11:54:56

Entrada **27545**



ou centros de I+D españois e/o estranxeiros diferentes ao da defensa da tese doutoral. Axudas para un período de duración de 1 a 3 anos e para levar a cabo en universidades públicas do Estado cun importe mensual de 4.000 euros brutos. Uns programas que foron financiados con Fondos Next Generation.

Este tipo de axudas foron ben recibidas por parte da comunidade científica e levantaron expectativas positivas de futuro, tamén en investigadores e investigadoras que tiveron que marchar ao estranxeiro para poder desenvolver unha carreira dedicada á investigación. Con todo, a xestión destas axudas foi bastante cuestionábel, empezando polo ocorrido coa detracción das cotas á Seguridade dos seus salarios por parte das Universidades, e continuando coa falta de estabilidade e consolidación laboral ao fin dos citados Programas este ano.

Actualmente, este colectivo séntese defraudado e enganado ante a ausencia dunha consolidación laboral no sistema universitario. Persoas que se atopaban investigando noutros países, con proxectos máis garantistas, confiaron e optaron por volver ante as posibilidades xeradas por un Programa de recualificación que debía implicar unha estabilización. Agora comprobamos que non existía realmente un plan de futuro do Goberno. O único obxectivo que pode ter un programa de recualificación do sistema universitario e de atracción do talento é o de reter a ese colectivo establecendo un plan de consolidación, pero inexplicábelmente o Programa termina este ano e máis dun milleiro de persoas poden quedar sen nada.

Desenvolver un Programa deste tipo para extinguílo en tres anos carece de sentido. Cremos que o Ministerio de Ciencia e Universidades debe escoitar ás persoas afectadas que reivindicamos un plan para estabilizar os seus postos e á altura do traballo que desenvolven.

A suxestión última da Ministra de Ciencia, de que as Universidades usen as prazas dedicadas á contratación de profesorado precario como axudantes doutor, é absolutamente inadmisíbel. É unha rebaixa da categoría laboral e



salarial e, ademais, son postos destinados ás persoas que comezan a súa carreira académica.

As Axudas Margarita Salas e María Zambrano tamén estiveron na polémica pola cuestión salarial posto que as Universidades procederon a descontar os custos da Seguridade Social (aproximadamente mil euros mensuais menos) dos salarios dos beneficiarios. Este tema foi levado polos investigadores aos Tribunais dos diferentes CC.AA. que lles deron a razón.

Varios Tribunais Superiores de Xustiza de Castela León, Galiza, País Vasco, Madrid ou Catalunya, entre outros, así como a propia Inspección de Traballo considerárono ilegal. Detraer da remuneración percibida nos contratos realizados ao amparo do Real Decreto 289/2021 do 20 de abril, “polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario” as cantidades para abonar pola parte empresarial en concepto de cota patronal á Seguridade Social, é unha “detracción non conforme a dereito”. As Universidades cotizaran “en contías inferiores ás debidas respecto a os seus traballadores adxudicatarios de axudas Margaridas Salas e María Zambrano” (Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya).

A sentenza ditada pola Sala Social do TSXG (Galiza) en xullo pasado estimando unha demanda da CIG presentada o 6 de xuño de 2023 contra a Universidade da Coruña declara nula a práctica da Universidade “consistente en detraer do importe das axudas Margarita Salas e María Zambrano” froito das subvencións recibidas ao amparo do RD antes citado. Declara contraria a dereito a decisión de detraer das contías brutas das axudas a parte económica correspondente á cota patronal á Seguridade Social.

Na mesma liña van outras sentenzas doutros TSX que ditaminan que os científicos e científicas teñen dereito a cobrar íntegra a axuda que se contempla na convocatoria.

En resumo, o Ministerio ten unha débeda pendente coas persoas investigadoras que confiaron nestes Programas, que sufriron recortes nos seus salarios e pasaron por unha serie de vicisitudes, mesmo ante os Tribunais e



que, agora, ven como non se lles ofrece unha estabilidade despois de prometer un programa de recualificación do sistema universitario.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Finalizará o Goberno os Programas de Axudas Margarita Salas e María Zambrano este ano? De ser así, por que? Que sentido ten aprobar Programas deste tipo destinados á recualificación do sistema universitario e non contemplar unha consolidación laboral para reter talento e ao colectivo de persoas dedicadas á investigación?
2. En relación co Programa de Axudas María Zambrano, prevé aprobar un Plan de estabilidade e consolidación dos postos destes investigadores e investigadoras ao finalizar este ano este Programa de Axudas? En caso afirmativo, cando pensa aprobalo? En caso negativo, non cre que debería reconsideralo e non reduci-lo a un Programa temporal sen saídas laborais? É consciente de que moitos investigadores e investigadoras atopábanse noutros países desenvolvendo programas máis garantistas e confiaron nas posibilidades abertas ante a anunciada recualificación do sistema universitario?
3. Con respecto ao Programa de Axudas Margarita Salas e, tras eliminar as Axudas para contratos Juan de la Cierva-Incorporación, prevese aprobar algunha convocatoria á que se poidan presentar estes investigadores e investigadoras, ao finalizar este ano o Programa de Axudas Margarita Salas, que sirva como ponte entre o devandito programa e as Axudas para contratos Ramón y Cajal?
4. Non cre que ten unha débeda pendente con este colectivo?
5. Reunirase o Ministerio coas persoas beneficiarias dos Programas Margarita Salas e María Zambrano e atenderá a súa demanda de desprepar un plan de estabilización dos seus postos á altura do traballo



- que estaban a desenvolver, respectando a categoría e o perfil de traballo destas persoas investigadoras?
6. Que xestións fixo o Ministerio ante as Universidades que restaron dos salarios dos perceptores dos Programas Margarita Salas e María Zambrano as contías das cotas á Seguridade Social (uns mil euros aproximadamente) e que varios Tribunais Superiores de Xustiza de CC.AA, como o de Galiza, declararon contrarios a dereito e unha práctica nula?
 7. Prorrogará o Ministerio estes Programas? De ser así, Corrixirá este tipo de prácticas e adoptará as medidas necesarias para que non volvan producirse?
 8. En caso de prorrogar os Programas, non considera que deberían ir acompañados dun Plan de consolidación e estabilización laboral no sistema universitario público?
 9. Implicarase o Goberno de verdade no impulso da ciencia e da investigación para que sexa un motor para outro modelo de desenvolvemento no estado español?

Madrid, a 30 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la finalización del Programa de Ayudas Margarita Salas y María Zambrano sin garantizar una estabilidad y una consolidación de empleo a los investigadores e investigadoras.**

En el año 2021, el Ministerio de Universidades anunciaba la creación de un programa de ayudas con el objetivo de fomentar la recualificación del sistema universitario, la movilidad internacional, la atracción de talento en el sistema universitario y promover el desarrollo profesional del personal docente e investigador, así como de nuevos doctores. Con este fin fue aprobado el Real Decreto 289/2021 de 20 de abril, “por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario español”. Posteriormente se publicó la Orden UNI/551/2021 de 26 de mayo por la que se conceden las subvenciones previstas en el citado Real Decreto.

Entre los diferentes tipos de ayudas, el Ministerio destinó las ayudas Margarita Salas a nuevos doctores y doctoras para estancias de 2 a 3 años en una universidad o centro de investigación distinto a aquel en el que hizo su formación predoctoral y doctorado. Con importes mensuales de 3.500 euros brutos para los que soliciten realizar la estancia en el extranjero y 2.800 euros brutos para los que lo hacen en el Estado.

También estableció las Ayudas María Zambrano para la Atracción de Talento que se dirigen al personal investigador del Estado o extranjero, con una trayectoria posdoctoral acumulada no inferior a 24 meses en universidades o



centros de I+D españoles y/o extranjeros diferentes al de la defensa de la tesis doctoral. Ayudas para un período de duración de 1 a 3 años y para llevar a cabo en universidades públicas del Estado con un importe mensual de 4.000 euros brutos. Unos programas que fueron financiados con Fondos Next Generation.

Este tipo de ayudas fueron bien recibidas por parte de la comunidad científica y levantaron expectativas positivas de futuro, también en investigadores e investigadoras que tuvieron que marcharse al extranjero para poder desarrollar una carrera dedicada a la investigación. Con todo, la gestión de estas ayudas fue bastante cuestionable, empezando por lo ocurrido con la detracción de las cuotas a la Seguridad de sus salarios por parte de las Universidades y continuando con la falta de estabilidad y consolidación laboral al fin de los citados Programas este año.

Actualmente, este colectivo se siente defraudado y engañado ante la ausencia de una consolidación laboral en el sistema universitario. Personas que se encontraban investigando en otros países, con proyectos más garantistas, confiaron y optaron por volver ante las posibilidades generadas por un Programa de recualificación que debía implicar una estabilización. Ahora comprueban que no existía realmente un plan de futuro del Gobierno. El único objetivo que puede tener un programa de recualificación del sistema universitario y de atracción del talento es el de retener a ese colectivo estableciendo un plan de consolidación, pero inexplicablemente el Programa termina este año y más de un millar de personas pueden quedarse sin nada.

Desarrollar un Programa de este tipo para extinguirlo en tres años carece de sentido. Creemos que el Ministerio de Ciencia y Universidades debe escuchar a las personas afectadas que reivindican un plan para estabilizar sus puestos y a la altura del trabajo que desarrollan.

La sugerencia última de la Ministra de Ciencia, de que las Universidades usen las plazas dedicadas a la contratación de profesorado precario como ayudantes doctor, es absolutamente inadmisible. Es una rebaja de la categoría



laboral y salarial y, además, son puestos destinados a las personas que comienzan su carrera académica.

Las Ayudas Margarita Salas y María Zambrano también causaron polémica por la cuestión salarial puesto que las Universidades procedieron a descontar los costes de la Seguridad Social (aproximadamente mil euros mensuales menos) de los salarios de los beneficiarios. Este tema fue llevado por los investigadores a los Tribunales de las diferentes CC.AA. que les dieron la razón.

Varios Tribunales Superiores de Justicia de Castilla León, Galiza, País Vasco, Madrid o Catalunya, entre otros, así como la propia Inspección de Trabajo lo consideraron ilegal. Detraer de la remuneración percibida en los contratos realizados al amparo del Real Decreto 289/2021 de 20 de abril, “por el que se regula la concesión directa de subvenciones a universidades públicas para la recualificación del sistema universitario” las cantidades para abonar por la parte empresarial en concepto de cuota patronal a la Seguridad Social, es una “detracción no conforme a derecho”. Las Universidades habían cotizado “en cuantías inferiores a las debidas respecto a sus trabajadores adjudicatarios de ayudas Margaritas Salas y María Zambrano” (Tribunal Superior de Justicia de Catalunya).

La sentencia dictada por la Sala Social del TSXG (Galiza) en julio pasado estimando una demanda de la CIG presentada el 6 de junio de 2023 contra la Universidade da Coruña declara nula la práctica de la Universidad “consistente en detraer del importe de las ayudas Margarita Salas y María Zambrano” fruto de las subvenciones recibidas al amparo del RD antes citado. Declara contraria a derecho la decisión de detraer de las cuantías brutas de las ayudas a parte económica correspondiente a la cuota patronal a la Seguridad Social.

En la misma línea van otras sentencias de otros TSJ que dictaminan que los científicos y científicas tienen derecho a cobrar íntegra la ayuda que se contempla en la convocatoria.



En resumen, el Ministerio tiene una deuda pendiente con las personas investigadoras que confiaron en estos Programas, que sufrieron recortes en sus salarios y pasaron por una serie de vicisitudes, incluso ante los Tribunales y que, ahora, ven como no se les ofrece una estabilidad después de prometer un programa de recalificación del sistema universitario.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Finalizará el Gobierno los Programas de Ayudas Margarita Salas y María Zambrano este año? ¿De ser así, por qué? ¿Qué sentido tiene aprobar Programas de este tipo destinados a la recalificación del sistema universitario y no contemplar una consolidación laboral para retener talento y al colectivo de personas dedicadas a la investigación?
2. En relación con el Programa de Ayudas María Zambrano, ¿prevé aprobar un Plan de estabilidad y consolidación de los puestos de estos investigadores e investigadoras al finalizar este año este Programa de Ayudas? En caso afirmativo, ¿cuándo piensa aprobarlo? En caso negativo, ¿no cree que debería reconsiderarlo y no reducirlo a un Programa temporal sin salidas laborales? ¿Es consciente de que muchos investigadores e investigadoras se encontraban en otros países desarrollando programas más garantistas y confiaron en las posibilidades abiertas ante la anunciada recalificación del sistema universitario?
3. Con respecto al Programa de Ayudas Margarita Salas y, tras eliminar las Ayudas para contratos Juan de la Cierva-Incorporación, ¿se prevé aprobar alguna convocatoria a la que se puedan presentar estos investigadores e investigadoras, al finalizar este año el Programa de Ayudas Margarita Salas, que sirva como puente entre dicho programa y las Ayudas para contratos Ramón y Cajal?
4. ¿No cree que tiene una deuda pendiente con este colectivo?
5. Se reunirá el Ministerio con las personas beneficiarias de los Programas Margarita Salas y María Zambrano y atenderá su demanda de desplegar un plan de estabilización de sus puestos a la altura del trabajo que



- estaban desarrollando, respetando la categoría y el perfil de trabajo de estas personas investigadoras?
6. ¿Qué gestiones hizo el Ministerio ante las Universidades que restaron de los salarios de los perceptores de los Programas Margarita Salas y María Zambrano las cuantías de las cuotas a la Seguridad Social (unos mil euros aproximadamente) y que varios Tribunales Superiores de Justicia de CC. AA, como el de Galiza, declararon contrarios a derecho y una práctica nula?
 7. ¿Prorrogará el Ministerio estos Programas? De ser así, ¿Corregirá este tipo de prácticas y adoptará las medidas necesarias para que no se vuelvan a producir?
 8. En caso de prorrogar los Programas, ¿no considera que deberían ir acompañados de un Plan de consolidación y estabilización laboral en el sistema universitario público?
 9. ¿Se implicará el Gobierno de verdad en el impulso de la ciencia y de la investigación para que sea un motor para otro modelo de desarrollo en el estado español?

Madrid, a 30 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso